

Pasado, presente e futuro do casco histórico de Betanzos

ANDRÉS GARCÍA CARNEIRO*

Sumario

No presente traballo abordarase o casco histórico de Betanzos dende unha perspectiva coa que se procura facer unha avaliación das actuacións levadas a cabo para a posta en valor do patrimonio que este contén, tomando como eixe central o Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de 1992. Para isto, atenderanse aspectos tales como as características e a configuración da zona monumental ao longo dos séculos, o desenvolvemento normativo para a súa protección ou as actuacións máis destacadas sobre elementos que a compoñen.

Abstract

In this study, the historic centre of Betanzos will be addressed from a perspective that seeks to make an assessment of the actions undertaken for the implementation of the heritage it contains from the *Plan Especial de Protección y Ordenación del Casco Histórico* of 1992. To do this, it will attend to aspects such as the characteristics and configuration of the monumental area over the centuries, the regulatory development for their protection or the most outstanding works on the elements that compose it.

1. INTRODUCCIÓN, OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Tras máis de dúas décadas desde a aprobación do Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos, é preciso facer un alto no camiño e analizar o que se ten feito desde entón en materia de conservación do patrimonio. Neste sentido, consideramos que transcorreu o tempo suficiente como para levar a cabo unha investigación que permita avaliar os resultados obtidos durante este período. A fin de contas, unicamente sendo conscientes dos erros e dos acertos, poderanse deseñar novas estratexias que contribúan a acadar os obxectivos marcados, que non son outros que a recuperación dunha zona monumental que constitúe un dos máis destacados exemplos de vila medieval conservados ao norte de Galicia.

En consecuencia, podemos indicar que o obxectivo último do traballo é o de analizar as medidas e actuacións levadas a cabo no casco histórico de Betanzos durante as últimas décadas, con vistas a avaliar a evolución que se ten seguido dende a redacción do PEPOCH en 1992 ata a actualidade. O que se pretende é detectar as debilidades, as fortalezas e, de ser preciso, as posibles alternativas de mellora no que respecta aos plans de posta en valor do patrimonio brigantino. Para logralo, abordaranse toda unha serie de cuestións secundarias que nos permitan chegar a unhas conclusións válidas no noso estudo, tales como: análise da evolución histórica, recompilación de textos legais, repaso das principais actuacións acometidas na zona monumental e descrición do estado actual do conxunto.

Logo, no referente á metodoloxía e técnicas empregadas, durante a investigación será necesario nutrirse de toda aquela información que resulte útil para definir, comprender e analizar o noso obxecto de estudo. Nesta tarefa, un dos piares fundamentais vai ser a

* **Andrés García Carneiro** historiador pola USC e graduado do Máster en Xestión do Patrimonio, Museos e Mercado da Arte na Universidade de Santiago de Compostela e na Universidade de Las Palmas de Gran Canaria

realización dun baleirado bibliográfico que inclúa obras, tanto xerais como específicas, do tema a tratar e do caso concreto de Betanzos. Localizaranse así, escritos que toquen múltiples áreas de coñecemento para que o resultado final resulte o máis rigoroso posible e, á vez, amose unha maior pluralidade de puntos de vista. Por exemplo, empregaranse textos relativos á historia de Betanzos, á configuración do seu trazado urbano e ás transformacións que este sufriu ao longo do tempo. A maiores botaremos man daquelas obras referentes a aspectos artísticos destacando os principais estilos presentes dentro do perímetro analizado e a súa importancia no contexto galego. Por último, trataremos coa bibliografía centrada no patrimonio dende unha perspectiva arquitectónica de cara a valorar o referente á conservación e á restauración.

En suma, a outra base do traballo será a procura de fontes primarias na que se incluírán todos aqueles documentos que poidan resultar de interese para reforzar, rebater ou descartar as nosas hipóteses de partida. Dada a natureza do noso estudo, gran parte delas van estar relacionadas coa protección e a posta en valor do patrimonio construído. Así, por exemplo, será necesario acudir a textos lexislativos e/ou normativos (e de non ser posible as súas transcripcións) tales como o Decreto do 26 de setembro de 1944 polo que se declara monumento histórico-artístico a igrexa de Santa María do Azogue, a Real orde do 29 de setembro de 1919 que declara monumento nacional ao convento de San Francisco ou o Decreto 3850-1970 de declaración do casco antigo como conxunto histórico-artístico. Tamén será imprescindible realizar unha lectura, máis ou menos pormenorizada, daquelas normas que se desenvolveron ao longo dos anos no noso país. Deste modo, consultaranse, entre outras, a «Ley sobre conservación de monumentos nacionales histórico-artísticos» de 1915, a «Ley de Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico Nacional» de 1933, a «Ley de Patrimonio Histórico Español» en 1985 ou a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia de 2016.

Non obstante, os puntos que concentrarán a maioría dos esforzos estarán ligados á análise, tanto do PEPOCH de 1992 como das licenzas de obra concedidas dentro da súa delimitación desde a aprobación do texto ata a actualidade. Neste senso, é importante sinalar que, en gran medida, a documentación mencionada se atopa dixitalizada e dispoñible na rede, o que facilita enormemente os labores de investigación. Non obstante, isto non exime da necesidade de acudir aos arquivos para poder acceder a fondos máis específicos. Así, poderíase dicir que a Área de Urbanismo do Concello se converterá no departamento de referencia na medida en que nel están depositadas as listaxes coas actuacións que se teñen acometido dentro do termo municipal de Betanzos nos últimos anos. En consecuencia, será a documentación que desde aquí nos proporcionen a que nos dará a coñecer o número de obras e o tipo das levadas a cabo dentro do perímetro establecido polo Plan Especial.

Por último, ademais de todo o anterior, e como forma de obter información o máis actualizada posible, acometeranse diversos traballos de campo que consistirán na comprobación visual do grado de deterioración da zona histórica para, así, contrastar *in situ* a realidade presente co relatado nas fontes escritas. Desta maneira, as tarefas centraranse na recolección de datos e de imaxes que permitan crear unha instantánea que reflecta o estado no que se atopa o conxunto histórico-artístico betanceiro. Paralelamente, e a modo de comparativa coas instantáneas actuais, farase unha procura de material gráfico antigo en arquivos, xornais ou coleccións particulares que permitan coñecer a evolución do patrimonio a través das distintas épocas. Aquí serán fundamentais as fotografías anexas



Reconstrución hipotética do Castro de Untia. Alfredo Erias.

nas fichas de catalogación e os alzados das mazás que aparecen recollidos dentro do no Plan Especial. Isto permitiranos comprobar, en confrontación cos datos proporcionados por Urbanismo, como cambiou a imaxe da cidade ao longo destes anos e valorar o grado de efectividade das medidas de protección do conxunto histórico.

2. BETANZOS. CIDADE MONUMENTAL

Tempo e espazo: a configuración urbana

Para comprender o espazo que ocupa o casco histórico de Betanzos, a día de hoxe, é preciso botar unha ollada ao pasado e retroceder no tempo ata a Plena Idade Media. Naquel entón, a croa do promontorio no que se alza a cidade actual estaba ocupada por un castro, o de Untia, que xunto coas terras lindeiras, formaba parte das múltiples propiedades que posuía o mosteiro de Sobrado espalladas por toda Galicia¹. A este lugar foi a onde os habitantes de Betanzos «O Vello» se mudaron unha vez que o rei Alfonso IX, atendendo ás súas peticións, lles concedeu o permiso necesario para trasladarse desde o seu asentamento orixinal (ao norte do río Mandeo en Tiobre). Este acontecemento quedou plasmado nunha carta do 13 de febreiro de 1219 na que o monarca deixaba establecidos os límites da poboación así como decretaba as compensacións que lle correspondían ao cenobio sobradés por ter cedido parte dos seus terreos para a nova fundación².

A partir deste momento, o núcleo prosperou e con el fixérono tamén as primeiras estruturas relevantes dentro do tecido urbano. Unha delas foi o recinto amurallado que se levantou aproveitando parte dos elementos defensivos do antigo castro. O mesmo percorría pola zona máis próxima á actual Praza da Constitución e daba refuxio, no seu interior, a vivendas de madeira construídas en soares de reducido tamaño e dotadas dunha pequena horta traseira apta para pequenos cultivos³. Con todo, hai que dicir que, nesta etapa inicial, Betanzos tivo que facer fronte a enormes dificultades que ameazaron continuamente a súa supervivencia. De feito, sábese que con anterioridade a 1300, a vila xa sufrira, polo menos, un incendio grave que ocasionara a súa destrución total. A pesar disto, a cidade logrou recompoñerse grazas á súa fortaleza e ao interese amosado por algúns soberanos⁴.

Xa nos séculos XIV e XV, Betanzos experimentará unha etapa de esplendor que se explica, en parte, polo apoio dado por Fernán Pérez de Andrade a Enrique de Trastámara (futuro Enrique II) na guerra contra Pedro I. Foi así como, en agradecemento á lealdade e aos servizos prestados, á vila lle foron concedidos beneficios e privilexios entre os cales está o título de cidade outorgado por Enrique IV en 1465⁵. Hai que subliñar tamén o gran labor construtivo do mencionado Fernán Pérez de Andrade na segunda metade do século XIV, con obras que aínda hoxe seguen a conformar unha parte esencial do patrimonio local. Este é o caso da igrexa e mosteiro de San Francisco para a comunidade de franciscanos e das igrexas de Santa María do Azougue e de Santiago⁶.

Non obstante, hai que destacar que o apoxeo político e a bonanza económica vividos neste período fixeron de Betanzos un obxectivo moi cobizado no contexto das Mariñas. Esta realidade obrigou, cara a finais do século XV, a pensar na posibilidade de ter que ampliar as murallas da cidade para incorporar aqueles barrios que se desenvolveran fóra do recinto inicial. En consecuencia, será en tempos dos Reis Católicos, e logo dun importante incendio que volveu a arrasar parte do núcleo urbano, cando esta idea se vería materializada coa construción dunha nova fortificación. A estrutura resultante, composta principalmente de pedras irregulares e con muros de entre 8 a 18 metros de altura, rodeaba por completo



Mapa de Betanzos realizado por Antonio Vázquez, logo do incendio de 1616. AHN.

o asentamento e aproveitaba o curso dos ríos Mendo e Mandeo a modo de foxo para garantir unha mellor protección. Esta contaba, ademais, con cinco accesos a través doutras tantas portas das que partían as principais vías de comunicación que conectaban a vila co seu contorno máis próximo e co resto da Península⁷.

Avanzando no tempo e rematada a época medieval, atopámonos con que a primeira centuria da idade moderna estivo marcada pola fuxida da poboación a causa da peste, polo colapso da Ponte Vella tras unha importante riada e polos sucesivos incendios que volveron a arrasar o núcleo urbano en varias ocasións. Son, polo tanto, anos difíciles para Betanzos nos que os seus rexedores se verán forzados pedir axuda ao Real Consello de Castela para tratar de evitar a ruína da cidade⁸. Esta realidade contrastará cun relativo crecemento demográfico que levou a que, precisamente agora, se inicie a expansión da vila cara o Campo da Feira. Aquí, as vivendas comezarán a levantarse na zona comprendida entre Porta da Vila e o novo convento de Santo Domingo, cuxas obras de construción se puxeran en marcha na década de 1550. Este era un lugar que posuía una importancia estratéxica porque, ademais de ser o único punto de entrada por terra firme, desde aquí partía o camiño que comunicaba con Castela.

Con todo, Betanzos aínda non tiña superado os efectos negativos dos sucesos acontecidos no século XVI cando, o 18 setembro de 1616, se orixinou un novo incendio que destruíu as tres cuartas partes do total das vivendas da localidade⁹. A importancia deste lume radica en que, para valorar os danos causados, encargóuselle ao pintor local Antonio Vázquez a realización dun mapa que se acabaría convertendo na máis antiga representación que se conserva da cidade¹⁰. Nel pódese apreciar unha estrutura urbana radiocéntrica onde a Praza da Constitución actúa a modo de eixe do que parten as principais rúas que descenden polo outeiro ata desembocar en cada unha das portas. A maiores, pódense ver os barrios extramuros que estaban xa consolidados no momento no que



Exemplo de casa escalonada na Rúa Algalia de Abaixo en Santiago de Compostela. Fotos do autor.

Vázquez realiza a súa obra e que, precisamente pola súa localización, quedaron a salvo das lapas. Trátase, en concreto, dos barrios da Fonte de Unta, A Ribeira e San Roque (ou do Campo da Feira) que, actualmente, continúan a ser dos máis importantes fóra do perímetro da muralla pero dentro da zona monumental.

Logo, outro aspecto salientable do mapa é o feito de que os edificios principais da vila destacan sobre o resto de construcións ao estar referenciados e representados cun certo nivel de detalle. Isto permítenos saber como eran na súa aparencia exterior estas estruturas, algunhas das cales hoxe xa non existen ou ben se viron notablemente alteradas con posterioridade a 1616. Dous exemplos teríámolos na ermida de San Roque situada no Campo da Feira e derrubada a finais do século XX, e no hospital de San Bartolomé que ocupaba o terreo sobre o que se erguería o convento das Agostiñas Recoletas¹¹. Semellante sería o caso da torre de Lanzós que, a pesar de continuar en pé, sufriu importantes alteracións que mudaron a súa configuración orixinal sendo, unha das máis destacables, a eliminación da atalaia de madeira que coroaba o edificio (e que si aparece no debuxo de Antonio Vázquez).

Non obstante, se queremos analizar como eran as vivendas nesta época, o documento creado polo artista betanceiro non resulta demasiado útil sendo necesario recorrer a outro tipo de fontes. Así, a partir dalgunhas descrições temos constancia de que, a comezos do século XVII, o máis estendido eran as casas con pisos que sobresaían da fachada principal a medida que ascendían en altura. Estas desaparecerán, na súa maioría, no incendio de 1616 e, sobre todo, no de 1569 e darán paso a un novo tipo de edificacións que se acabarán convertendo, xunto coas galerías, nun dos elementos esenciais na imaxe de Betanzos¹².



Exemplo de casas de balcón corrido de madeira en Betanzos. Fotos do autor.

Eran estas as chamadas casas de balcón corrido de madeira, un tipo de construción que abonda no ámbito rural de Galicia e Asturias pero que tamén se atopa presente en certos ámbitos urbanos da nosa comunidade.

Sobre as súas orixes, sabemos que esta tipoloxía de vivenda naceu como residencia de agricultores e mariñeiros seguindo un esquema de división en dúas plantas. A primeira delas estaba reservada a actuar como almacén dos instrumentos de traballo mentres que na segunda situábase un balcón exterior que cumpría coas funcións propias dun hórreo¹³. Co paso do tempo, estas construcións evolucionarán para adaptarse ás novas realidades xeradas pola combinación do crecemento da poboación e dunhas parcelas de tamaño reducido. Estes cambios consistirán, fundamentalmente, en variacións nas disposicións das fachadas e na adición de máis niveis ao edificio de tal forma que os balcóns corridos se prolongarán por dous ou, incluso, tres alturas distintas.

Finalmente, a chegada da época contemporánea supuxo para España e para Europa unha época de grandes cambios. Os ecos da Revolución de 1789 pronto acabáronse espallando por todo o continente e con eles o fixeron tamén novas ideas e inqedanzas. Encabezando este proceso estaba una boiante burguesía que fora enriquecéndose co paso dos anos pero que, non obstante, seguía apartada dos postos de poder. Neste contexto, Betanzos presentábase como unha pequena capital de provincia que apenas alcanzaba os 5.000 habitantes¹⁴. O seu esplendor medieval quedara atrás e a decadencia abríase paso a raíz de décadas de incendios, epidemias e malas colleitas. Afondando máis nesta situación, o século XVIII supuxera para a cidade unha importante derrota na carreira por obter o favor da coroa fronte a unha urbe como A Coruña que, precisamente agora,



Comparativa entre un urbanismo moderno (Ferrol) e un propio dunha cidade medieval (Santiago de Compostela). Turismo de Santiago, Google imaxes e www.mapas.xunta.gal

iniciaría a súa etapa de máximo esplendor. Betanzos pasaba así a ocupar un papel secundario que se vería confirmado de maneira definitiva ao quedar adscrita á nova cabeceira provincial tras a reforma territorial de Javier de Burgos de 1833¹⁵.

Non obstante, tampouco resulta menos certo que, a pesar de todos os contratemplos sufridos, a cidade logrou manterse como centro de captación da riqueza da comarca. Grazas a isto, pronto comezaría a xurdir unha pequena e mediana burguesía moi estreitamente ligada ás profesións liberais e ao comercio que foi a que acabou protagonizando as importantes transformacións urbanísticas que se produciron, de forma máis acelerada se cabe, nas décadas finais do século XIX e primeiras do XX¹⁶. Unhas transformacións que, da man desta nova clase social, darían lugar a fenómenos como foron os ensanches, as galerías e o modernismo que resultan clave para entender a cidade actual.

De entre estes tres fenómenos mencionados, foi o primeiro deles o que xerou un maior impacto en urbes de toda Europa ao modificar os seus vellos trazados de rúas estreitas e casas apiñadas. Porque ata entón, as cidades caracterizábanse por ser asentamentos pechados ao exterior. Lugares cun urbanismo caótico onde as vivendas, agrupadas en mazás moi compactas, estaban rodeadas por grandes recintos amurallados que protexían aos seus habitantes dos potenciais ataques. Non foi ata comezos do século XIX que a intensificación do éxodo rural, sumado á aparición de novos transportes e ao desenvolvemento da industria traerían consigo toda unha serie de necesidades que debían ser resoltas a través de novas solucións.

Nacía así a cidade moderna dos grandes bulevares e avenidas arredor dos que se distribúen grandes bloques de vivendas organizados nunha trama regular. Un dos máximos expoñentes desta forma de entender o espazo será o París ideado por Haussmann por encargo do emperador Napoleón III. Un exemplo que xerou tal interese que pronto se exportaría a lugares como Roma, Madrid o Barcelona. Isto traduciríase no inicio de procesos que levaron á destrución de murallas e soportais co obxectivo de mellorar as comunicacións entre o centro da cidade e uns barrios periféricos nos que se concentraba unha porcentaxe cada vez máis importante de poboación. A maiores, en España os numerosos conventos e mosteiros que foran abandonados tras a desamortización proporcionaban uns terreos moi cotizados en zonas privilexiadas, polo que moitos deles foron subastados e total ou parcialmente derribados para dar paso a novas construcións¹⁷.

No caso concreto de Betanzos, as primeiras actuacións que ían nesta liña modernizadora tiveron lugar na década de 1870 e, aínda que foron obras de pequeno calado, causaron a destrución de dous elementos patrimoniais fundamentais na historia da cidade. Así, en xuño de 1872 a corporación municipal recuperou un expediente, redactado uns anos atrás, onde se recollía o proxecto de ampliación do acceso ao núcleo urbano a través da Porta da Vila. Para isto era necesario botar abaixo a antiga porta medieval sobre a que estaban tallados os tres escudos que, a día de hoxe, se poden ver colocados nun lateral da vivenda sita no número 1 da Rúa Nova.

Sobre os motivos esgrimidos para levar a cabo a demolición estiveron, por unha banda, a idea de que a estreiteza dos arcos supuña un grave obstáculo para a circulación, especialmente, naqueles días sinalados nos que había unha gran afluencia de xente. Por outro lado, dicíase que este era un punto que, dadas as súas características, resultaba moi propicio para os roubos e, ademais, considerábase que os refugallos xerados co derrubamento eran necesarios para a mellora doutros espazos públicos. Por último, compre sinalar que, naquel entón, os elementos deste tipo carecían de consideración artística polo que a súa desaparición foi unha constante que se deu en múltiples cidades ao longo do século XIX¹⁸.

Logo, practicamente parella ás obras de demolición da Porta da Vila comezaron, no lado oposto da cidade, os traballos de desmantelamento do claustro do Convento de San Francisco. Dábase así resposta á demanda que o 30 de abril de 1872 elevaran os veciños da zona para que o Concello construíse unha vía que conectase co barrio extramuros da Ribeira¹⁹. Nesta ocasión, os plans da Administración local pasaban por eliminar a parte oeste do antigo cenobio e, desta maneira, poder abrir un oco de, aproximadamente, 8 metros de ancho na muralla medieval sobre a que se asentaba esta parte do complexo. A esta operación se lle sumaron intereses varios como a mera especulación para aumentar o valor de certos terreos, a necesidade de mellorar a habitabilidade da cidade ou a vontade de ocupar parte da estrutura cun novo cárcere municipal que nunca se chegou a materializar.

Dunha época posterior son proxectos como o ensanche da Rúa do Castro. Levado a cabo entre finais do século XIX e principios do XX, este recuperaba a idea orixinal de 1877 do arquitecto coruñés Juan de Cíórraga pola cal, unha vez desaparecida a Porta da Vila, procederíase á destrución dos soportais que comprendían o lado esquerdo da rúa desde a Praza da Constitución ata o inicio da Rúa Travesa²⁰. A importancia desta intervención era tal que motivou un profundo debate entre dous bandos formados por concelleiros que defendían posturas totalmente opostas. Mentres uns apostaban por preservar estes elementos pola súa utilidade fronte ás inclemencias do tempo, outros sostiñan que a súa desaparición contribuiría a mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Sexa como for, o certo



(Arriba) Imaxe da Rúa do Castro onde se aprecia un dos últimos soportais que desapareceron a comezos do século XX. (Abaixo) Imaxe actual da mesma rúa. AMB e autor.



Exemplos de casas con galería de madeira en Betanzos. Fotos do autor.

é que á altura de 1897 os traballos estaban nun estado xa moi avanzado só quedando pendentes as aliñacións dos novos frontes de fachada. Finalmente, deste proceso unicamente se salvarán os dous soportais que, actualmente, se poden ver xunto ao cárcere municipal e que corresponden aos números 3 e 5 da Rúa do Castro²¹.

Un segundo fenómeno que tamén se deu nestes anos foi a consolidación definitiva das galerías como elemento de prestixio social destinado a embelecer as zonas máis nobres da cidade. Esta era unha solución de corte popular adoptada, principalmente, polas vilas costeiras do norte de Galicia entre os séculos XVIII e XIX para protexer as vivendas fronte ás inclemencias do tempo. Tratábase, por tanto, dun tipo de estruturas que actuaban a modo de capa protectora dos muros exteriores permitindo un mellor illamento térmico á vez que conseguía incrementar a superficie habitable da casa. A súa orixe hai que buscala, neste caso, nas localidades portuarias da Coruña e Ferrol onde se instalara, xa dende a primeira metade do XVIII, unha florecente industria naval. A partir de aquí teríase estendido ao resto do territorio galego unha tipoloxía arquitectónica que, segundo as últimas teorías ao respecto, considérase que estivo inspirada nas galerías de popa dos grandes barcos da época²².

Polo demais, é preciso destacar que as primeiras galerías chegaron a Betanzos da man dunha burguesía que, nun intento por imitar aos seus homólogos coruñeses, acabou asimilando este elemento como un símbolo da súa posición e como demostración dun certo nivel económico. É por isto que o seu foco inicial situouse en lugares onde se concentraban a maior parte de residencias das familias ricas da cidade como, por exemplo, a Rúa do Valdancel no seu tramo máis próximo á Porta da Vila. Así mesmo, os expedientes

de obra amosan que as galerías tamén comezaron a abarcar aqueles espazos que se encontraban intimamente ligados ás actividades comerciais. Era este o caso da Praza dos Irmáns García Naveira ou da Rúa Travesa que conectaba directamente co mercado que se desenvolvía na Praza de Santa María do Azougue²³.

Non obstante, a pesar do éxito que estaban tendo estas estruturas, os arquitectos amosáronse reticentes, polo menos nun principio, a incorporalas nos seus propios proxectos. Isto explica que, durante décadas, a súa execución dependerá de carpinteiros ou mestres de obra anónimos que, ao carecer de calquera tipo de preocupación estética, acabaron xerando unha ampla variedade de compositiva. Houbo que agardar, practicamente, ata a última década do século XIX para poder atoparnos cos primeiros traballos realizados baixo a dirección de profesionais que deixaron constancia da súa participación nestes. Aparece así a chamada «galería de autor» que, a diferenza das anteriores, caracterízase pola súa simetría, proporcionalidade e adaptación aos postulados academicistas²⁴. Esta estenderase ao resto da cidade nun proceso beneficiado por un contexto favorable no que moitos edificios estaban sendo sometidos a reformas e ampliacións importantes. Coincidirá, ademais, cun fenómeno xa mencionado anteriormente como foi o dos ensanches sendo aproveitada a demolición de soportais para a construción de novas galerías²⁵.

Así mesmo, agora veremos como, por primeira vez, unha normativa vai regular, nalgún dos seus apartados, a construción destas estruturas acristaladas en toda a cidade. Será concretamente nas ordenanzas municipais de 1895 onde, entre outras cuestións, se establecerá unha xerarquía viaria con rúas de primeira, segunda e terceira orde condicionando, de maneira directa, as dimensións que poderán alcanzar os balcóns, miradores e galerías. En suma, o artigo 51 especificará a prohibición de executar este tipo de cerramentos na primeira planta dos edificios o cal condicionou enormemente a configuración das fachadas e deu orixe a numerosos conflitos entre propietarios e o propio Concello²⁶.

O último dos fenómenos que marcaron o paso do século XIX ao XX tivo moito que ver coa busca emprendida por arquitectos de todo o mundo para tratar de definir novas propostas construtivas. Con ela abríase un período de transición caracterizado pola mestura de solucións propias do eclecticismo decimonónico con aquelas que forman parte dun modernismo incipiente que pouco a pouco irase abrindo camiño. Ambos os estilos foron, precisamente, os que acabaron co monolitismo e a uniformidade que ata ese momento definiran aos estilos artísticos tradicionais. Ambos os dous eran, ademais, a plasmación dos profundos cambios sociais, económicos e políticos xurdidos a partir da revolución industrial comezando polo feito de que incluían nas súas propostas os novos materiais que por aquel entón se estaban a desenvolver.

En Galicia, este cambio de gustos impulsárono a mesma burguesía que vira na galería a expresión da súa posición e que agora se vai fixar nas tendencias arquitectónicas que estaban vendo a luz no resto do continente europeo. Non obstante, é preciso resaltar que a asimilación destes movementos importados non se deu tanto no plano teórico senón que a súa influencia limitouse, máis ben, a cuestións relacionadas coa estética e as formas. Isto explica que a día de hoxe nos encontremos con proxectos que son dificilmente catalogables na medida en que non obedecen a principios dun único estilo²⁷. Tal é o caso de estruturas como o Matadoiro Municipal de Betanzos levantado por Juan Álvarez de Mendoza en 1902 que, co seu estilo neomodéxar, inscíbese dentro do eclecticismo ao mesmo tempo que deixa entrever os primeiros trazos propios do modernismo.



Praza do Campo co palco de música modernista de González Villar. AMB.

Algo parecido acontece coas Escolas Municipais Jesús García Naveira, obra de Rafael González Villar e construídas no solar do antigo claustro de San Francisco en 1917. O edificio, concibido como unha estrutura cunha soa planta en forma de «U», contén unha importante carga eclética mesturada con elementos modernistas que son froito da formación do arquitecto coruñés²⁸. Con todo, a este proxecto hai que lle engadir outros máis tardíos como a Casa do Pobo (1918), a casa comercial Fillos de Antonio Núñez (1923) ou o Palco da Música (1927), así como tamén o mobiliario da Praza dos Irmáns García Naveira (inclúe farois, balaustradas e bancos). En todos eles pódese apreciar unha evolución que evidencia que González Villar foi quen conseguiu unha maior aproximación ao que son os principios, ideas e formas da contemporaneidade.

Logo, un dos derradeiros cambios que se darán no casco histórico de Betanzos será, por unha banda, a irrupción da arquitectura racionalista da man de Leoncio Bescansa. Entre os seus proxectos destacaron as reformas de numerosas fachadas para adaptalas aos gustos estéticos do momento, así como a construción de novas edificacións en forma de pequenos bloques de vivendas. Isto coincidiu no tempo cun proceso de substitución das galerías tradicionais de madeira por estruturas de formigón que estaban inspiradas nas «bow windows» inglesas e que se acabarían convertendo nun elemento característico á altura da década de 1930²⁹. Por outro lado, foron importantes tamén as actuacións que se levaron a cabo no contorno da Praza de Fernán Pérez de Andrade coa rehabilitación da igrexa de San Francisco incendiada polos falanxistas en 1936 e coa construción do Mercado Municipal a comezos dos anos 50. A estas obras sumaríanse, anos máis tarde, as dos novos edificios que, no marco do «desarrollismo» franquista, desvirtuaron parte da imaxe da zona monumental dadas as súas dimensións desproporcionadas.



(Esquerda) Exemplo da nova arquitectura racionalista de Leoncio Bescansa na Rúa do Alfolí.
 (Dereita) Imaxe comparativa da galería tradicional de madeira fronte ás novas propostas en formigón dos anos 30. Fotos do autor.

Os referentes patrimoniais

a. Patrimonio e protección: o caso brigantino

En materia de protección do patrimonio, é preciso destacar que os primeiros textos normativos non xurdiron ata que houbo unha toma de conciencia por parte das autoridades de cada país sobre a necesidade de salvagardar os principais fitos monumentais da nación. No caso español, un papel destacado neste proceso tivérono as numerosas e importantes destrucións causadas polas guerras, as desamortizacións e o novo urbanismo ao longo do século XIX. O impacto causado pola desaparición de numerosos bens inmoebles cun alto valor patrimonial fixo que, pouco a pouco, aumentaran os intentos para desenvolver unha lexislación capaz de evitar novas perdas no futuro. A isto sumouse, ademais, a inquedanza creada por un crecente interese pola arte española que se deu, sobre todo, a partir da derrota de 1898 no conflito contra os Estados Unidos. Foi así como os coleccionistas, maioritariamente norteamericanos, se lanzaron na procura de obras nos máis variados formatos, desde pinturas e códices, ata tapices, esculturas e, mesmo, edificios completos.

Para tratar de poñer freo a un e outro fenómeno, unha das medidas que se tomaron a comezos do século XX pasaba por crear un inventario de ruínas monumentais e antigüidades³⁰. A relevancia da idea do catálogo, incluída na Lei de 1911, viña dada polo feito de que con el se podía establecer o valor dun elemento ao sinalo por riba dos demais. É dicir, ao individualizalo entendíase que un ben posuía algunha característica que o facía único e que, polo tanto, era merecedor dunha protección especial por parte do

Estado. Este principio tivo unha transcendencia tal que, desde que foi formulado, todas as normativas posteriores sobre bens patrimoniais o aplicaron e o mantiveron vixente ata os nosos días.

En Betanzos nos atopamos con que, por orde cronolóxica, o primeiro elemento en ser catalogado foi o convento de San Francisco a través da Real orde do 29 de setembro de 1919. No texto, publicado o 7 de outubro na *Gaceta de Madrid*, informábase de que o templo quedaba adscrito dentro da categoría de monumento artístico-arquitectónico e que, como tal, sería incluído «en el Catálogo y Registro Cedulario que lleva la Junta superior de Excavaciones y Antigüedades»³¹. Non obstante, tamén se recoñecía que, en virtude aos informes solicitados, non procedía a súa declaración como monumento nacional, a pesar de que esta si que se levou a cabo con algúns monumentos similares³². Como xustificación desta decisión, a Dirección Xeral de Belas Artes apoiábase no novo marco legislativo creado pola «Ley sobre conservación de monumentos nacionales histórico-artísticos» do 4 de marzo de 1915. Un marco que, tal como se di no documento, «ha venido a llenar una necesidad tan reconocida, cual es la de declarar bajo la protección del Estado aquellos edificios que merecen y deben obtenerla, y que, sin embargo, no reúnen las condiciones supremas exigidas para su declaración de Monumento nacional»³³.

Neste sentido, entre as novidades que introducía a Lei de 1915 estaba, por un lado, o principio de protección dos bens inmoables illados independentemente da súa época e estilo. Isto implicaba que aquí se estaba a dar un paso máis respecto da Lei precedente do 7 de xuño de 1911 na que se contemplaba un ámbito de actuación limitado, unicamente, ás escavacións arqueolóxicas. Por outra banda, a normativa tamén recollía no seu artigo primeiro a obriga de que toda catalogación debería de realizarse mediante un expediente que tiña que ser resolto de maneira favorable. Deste xeito establecíase a condición de que un elemento só sería recoñecido como monumento despois de ser declarado oficialmente como tal a través do trámite correspondente. Para o caso que nos ocupa, este punto foi moi importante na medida en que a protección de San Francisco coincidiu no tempo coas obras de construción das novas dependencias do convento. Estes traballos, moi polémicos na súa época, implicaron a redacción de dous informes encargados á Real Academia da Historia que, en parte, contribuíron á resolución final de 1919³⁴.

Logo, posterior á de San Francisco foi a declaración da igrexa de Santa María do Azougue como monumento histórico-artístico que se fixo efectiva mediante o Decreto do 29 de setembro de 1944. Nesta ocasión, a figura de protección que se aplicou xa non era a establecida pola Lei de 1915 posto que, a estas alturas, había outra normativa vixente que tiña sido promulgada durante o período republicano. Tratábase, en concreto, da «Ley de Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico Nacional» de 1933 que deixou sen efecto ao «Decreto-Ley sobre Protección y Conservación de la Riqueza Artística» do 9 de agosto de 1926 e que, salvando adaptacións puntuais, será a que se aplique ata a aprobación da «Ley 16/85 de Patrimonio Histórico Español». Aquí, entre as súas disposicións, o texto definía unha nova categoría coa que se buscaba unificar todas aquelas denominacións de similares características xurdidas en leis anteriores. Tal pretensión quedaba reflexada no artigo 14 no cal se afirmaba que «los Monumentos declarados nacionales y arquitectónico-artísticos, se llamarán en lo sucesivo Monumentos histórico-artísticos»³⁵.

Pero, se por algo debemos destacar á normativa republicana é porque nela aparecía recollida por primeira vez unha figura, a de conxunto histórico-artístico, que habería de

resultar clave para o futuro de Betanzos. Ata ese momento, só se contemplaba que a protección dos bens inmoebles se realizase de maneira individual, nunca dentro dunha agrupación, de igual forma que o contorno dos edificios non tiña ningunha relevancia á hora de resolver os expedientes de protección dos diferentes bens. Foi a partir do Decreto Lei de 1926 que se abriu a posibilidade de que as administracións competentes acordasen a declaración de «*ciudades y pueblos artísticos*»³⁶ que entrarían a formar parte do tesouro nacional. Sentábase así un precedente do que botaría man, anos máis tarde, a Lei do 33 para definir unha categoría que, ademais, equiparaba en tratamento aos conxuntos urbanos respecto dos monumentos illados.

Con todo, no longo camiño ata a declaración do casco antigo brigantino, houbo de por medio algunhas modificacións puntuais da lexislación para poder adaptala ás necesidades que ían xurdindo co paso do tempo. Das múltiples medidas promovidas, as máis importantes para a tutela das cidades históricas foron aquelas que estaban relacionadas co desenvolvemento de instrumentos e a delimitación de competencias en materia de urbanismo. Así, unha das primeiras normas que apuntaba nesta liña foi a «*Ley de Régimen Local*» de 1955 na que se lle concedía aos concellos certas atribucións que os capacitaba para operar sobre as súas propias tramas urbanas. A esta se engadiría, apenas un ano despois, a «*Ley de Régimen de Suelo y Ordenación Urbana*» que permitiu regular a expansión da superficie habitada e a intervención nos asentamentos consolidados. Nela sería onde, entre outras cousas, acabáronse especificando as ferramentas necesarias para levar a cabo a planificación e conservación das cidades protexidas. Os cambios se completarían coa publicación da Orde do 20 de novembro de 1964 referente ás «*Instrucciones para la Defensa de los Conjuntos Histórico-Artísticos*» propostas pola Dirección Xeral de Belas Artes. Con este documento introducíronse novidades que terán unha especial relevancia no futuro como, por exemplo, a obrigatoriedade de establecer unha delimitación clara dos conxuntos urbanos. Así mesmo, tamén será aquí onde se especificarán os criterios que afectarían a volumes e estilos das novas edificacións construídas en lugares protexidos³⁷.

Foi, precisamente, baixo estes condicionantes que se acabaría levando a cabo a tramitación do expediente de incoación necesario para a declaración de Betanzos como conxunto histórico-artístico. Tal proceso deu comezo o 13 de decembro de 1967 cun escrito do Comisario Xeral do Servicio de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional no que se propoñía protexer a zona monumental brigantina. A resposta afirmativa a esta misiva foi seguida, case inmediatamente, dun texto do SPDAN de Santiago asinado por Manuel Chamoso Lamas e con data do 17 de xaneiro de 1968 sobre as características xerais da localidade e dos seus monumentos. Logo, a estes documentos sumaríanse varios informes elaborados polos arquitectos municipais que acompañarán ás alegacións presentadas pola Corporación ante o Ministerio de Educación e Ciencia en abril de 1969. A maiores, será xa en 1970 cando a Real Academia de San Fernando vai a emitir unha resolución favorable á declaración do conxunto tras unha sesión celebrada o 15 de xuño dese mesmo ano.

O resultado de todo isto foi a aprobación do Decreto 3850/1970 do 31 de decembro, no cal, se manifestaba que o emprazamento posuía uns valores históricos e artísticos suficientes que o facían merecedor de «*ser preservado de reformas e innovaciones que pudieran perjudicarle*»³⁸. Para garantir que este principio se respetase, considerábase imprescindible colocar ao conxunto urbano «*bajo la protección del Estado, mediante la oportuna declaración monumental*»³⁹. Facelo implicaba que, a partir de entón, a

Administración local e os propietarios dos inmobles afectados debían axustarse ao que ditaban as leis do Tesouro Artístico, Municipal e do Solo e Ordenación Urbana. Estas normativas terían vixencia, tal como se contemplaba nas Instrucións de 1964, dentro dun perímetro establecido previamente que delimitaba o elemento a protexer. Por último, o texto remataba especificando, no referente ás competencias, que a tutela do conxunto a exercería o Ministerio de Educación e Ciencia a través da Dirección Xeral de Belas Artes. A eles se lles reservaba, desta forma, a potestade de «*dictar cuantas disposiciones sean necesarias para el mejor desarrollo y ejecución del presente Decreto*»⁴⁰.

Finalmente, tras o casco antigo, o derradeiro elemento en ser catalogado en Betanzos foron a muralla e as portas medievais da cidade grazas á Resolución da Dirección Xeral de Belas Artes do 17 de outubro de 1994. Con ela buscábase adaptar o Decreto do 22 de abril de 1949 sobre protección dos castelos españois ordenando, en consecuencia, a inscrición no catálogo de BIC dos monumentos de arquitectura militar. Non obstante, é importante mencionar que isto se produciu nun contexto no que xa estaba en funcionamento a «*Ley de Patrimonio Histórico Español*» de 1985 pero no que aínda se atopaba en proceso de tramitación a Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia. Este escenario non implicaba que, no período transcorrido entre ambas as normativas, na nosa comunidade non se deran pasos para conformar unha estrutura autonómica propia que se encargara dos asuntos relacionados cos bens culturais. De feito, foi inmediatamente despois da promulgación da Lei 16/85 que comezou o proceso de cesión de competencias en materia de patrimonio cultural aos territorios nos que se dividía o Estado segundo a Constitución de 1978.

Así, na actualidade, o marco lexislativo básico que rexe para todos os bens catalogados (incluídos os catro mencionados) segue sendo o establecido na «*Ley 16/85 de Patrimonio Histórico Español*». De aquí partiron os demais textos que, con posterioridade, serán elaborados polas comunidades autónomas para tratar de afondar nos contidos da lexislación estatal e poder adaptalos á realidade propia de cada autonomía. No caso galego, isto foi o que se fixo en dúas ocasións, primeiro coa Lei 8/1995 do 30 de outubro e, máis recentemente, coa Lei 5/2016 do 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia. Esta última normativa, que derogou á anterior, pretendía actualizar o réxime de protección do patrimonio introducindo as medidas necesarias para responder aos cambios que se foran producindo nos últimos anos.

b. A protección derivada do ámbito local

Para dar resposta ao establecido no artigo 20 da «*Ley de Patrimonio Histórico Español*», Betanzos comezará o proceso de redacción dun Plan Especial que afectará ao espazo da cidade histórica que fora catalogado como conxunto histórico-artístico en 1970. Á fronte deste proxecto, desenvolvido entre finais da década dos 80 e principios do 90, estarán os arquitectos Carlos Enrique Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat. O resultado final do seu traballo foi o Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico aprobado, primeiro de forma provisional polo pleno municipal o 15 de maio de 1992 e, posteriormente, de maneira definitiva pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña o 30 de decembro dese mesmo ano⁴¹.

A urbe brigantina convertíase, así, nunha das primeiras dentro do ámbito galego (xunto coas localidades de Corcubión e Mondoñedo) en contar cunha norma urbanística destas características⁴². E o facía antes, incluso, que outras localidades con zonas monumentais importantes tales como Lugo (PEPRIRAL de 1996), Santiago de Compostela (PEPRCH de 1997), Ourense (PERINHO de 1997), A Coruña (PEPRI de 1998) e Pontevedra (PEPRICA de

2003). Non obstante, isto tamén implica que o Plan Especial de Betanzos era un dos máis antigos aínda en vigor en Galicia. Formaba parte, polo tanto, daqueles que, segundo a disposición transitoria quinta da Lei 5/2016, tiñan que ser actualizados nun prazo de dous anos a partir da entrada en vigor de dita normativa (prazo que rematou o 16 de agosto de 2018)⁴³.

Entrando xa a analizar propiamente a estrutura do PEPOCH, observamos como este se se atopa dividido en sete tomos diferentes nos que se inclúe toda a información relativa á normativa, aos planos e aos bens catalogados. Non obstante, no noso caso, os que máis nos interesa destacar son aqueles apartados que teñen que ver, en primeiro lugar, cos obxectivos que se marcaron á hora de redactar o Plan Especial. Esta parte é importante porque constitúe o punto de partida para saber que orientación que se lles dará ás medidas que se adopten, ao tempo que permitirá valorar o grao de cumprimento destas no momento presente. Así, é no punto 2.1. da Memoria xustificativa onde se especifica que un dos obxectivos principais do Plan consiste en buscar o desenvolvemento positivo de Betanzos por medio dunha integración entre a zona nova e a parte histórica da cidade. Preténdese crear, deste xeito, unha relación complementaria entre ambas «*conxugando os valores do patrimonio material e cultural do pobo cos novos roles demandados pola actividade social*»⁴⁴.

En suma, outra das aspiracións elementais da regulación pasa por conservar o patrimonio arquitectónico e urbanístico promovendo a recuperación do parque edificatorio deteriorado. Destácase, neste punto, que o casco antigo de Betanzos «*é un dos espazos urbanos históricos máis interesantes de Galicia*»⁴⁵ e que este mantén, ademais, unha notable vitalidade grazas á «*diversidade de usos que se desenrolan no seu interior*»⁴⁶. Por outra banda, hai unha vontade de manter as proporcións e escala nas novas intervencións previstas e de dar resposta ás demandas manifestadas pola poboación da zona monumental no proceso de recollida de información. Así mesmo, pretendíase crear novos valores mediante a recuperación daqueles que se perderon, ou ben a través do deseño exnovo, para intentar, desta forma, «*potenciar o crecemento o nivel e sobre todo a calidade de vida desta peza senlleira de Betanzos*»⁴⁷.

Con todo, analizando estes puntos no seu contexto, nos atopamos con que cinco dos sete obxectivos propostos no PEPOCH de Betanzos coinciden palabra por palabra cos cinco que se marca o Plan Especial de Corcubión⁴⁸. Isto deixaría entrever que, a estas alturas, existía unha certa deficiencia nas propostas destas normativas urbanísticas ao pretender aplicar criterios xerais para casos concretos. É dicir, non se estaba a comprender que a individualidade de cada un dos conxuntos esixía respostas que se adaptasen a unha realidade e unhas problemáticas diferentes⁴⁹. Aínda así, non resulta menos certo que no proxecto brigantino fixéronse tímidos avances por afondar nestas cuestións a través de estudos centrados na demografía, a mobilidade, as actividades económicas e o estado do parque de vivendas.

Logo, un segundo aspecto no que tamén é preciso deterse son as delimitacións do Plan Especial na medida en que con elas vaíse a concretar o seu ámbito de aplicación (figs. 1-2). Neste sentido, cabe destacar que os redactores do proxecto, tal e como se recolle no apartado de *Criterios xerais*, apostaron por seguir un criterio particularizado que establecese dous ámbitos claramente diferenciados entre si⁵⁰. Deste modo, o primeiro deles corresponderíase co antigo recinto amurallado ao que se engadiría, a maiores, as zonas da Fonte de Unta, Os Ánxeles e da Praza dos Irmáns García Navería. Os seus límites recorrerían polas Rúas do Valdancel, da Ribeira e Alfolí, continuarían polo Paseo da Tolerancia, pola Rúa do Pozo e da Cañota, e rematarían nas Rúas dos Ánxeles, Pérez Salas

e Emilio Romay. Fóra quedaría unha zona de protección que abarcaría o espazo comprendido entre o casco antigo e o río Mandeo sobre o que se asenta o barrio da Ribeira ademais dunha pequena franxa ao sur arredor da Avenida de Castela.

Chama a atención, a este respecto, que o trazado, pese á súa gran extensión, exclúe lugares que estaban afectados pola declaración de conxunto histórico-artístico de 1970⁵¹. Trátase dunha parte ao sur do Campo da Feira que chegaría ata o barrio da Cruz Verde e dunha pequena franxa ao oeste da Rúa do Valdoncel que descende cara o río Mendo. En cambio, estes límites si corresponden co contorno delimitado polas Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Betanzos de 1987 elaboradas polos mesmos autores do Plan Especial (fig. 3). Disto infórmase no Boletín Oficial da Provincia no que se deu a aprobación definitiva ao Plan Especial indicando que, en consecuencia, *«estímase necesario elaboralo estudo pertinente para determinalos bens do Conxunto Histórico Artístico non incluídos no Plan Especial que deben ser obxecto de protección»*⁵². Ábrese, así, a posibilidade a unha *«oportuna modificación da delimitación do Conxunto Histórico Artístico»*⁵³ que deberá contar co visto e prace da Xunta de Galicia.

Por último, a análise non estaría completa se non lle dedicásemos un apartado ás proteccións que se contemplan no Plan para aqueles bens catalogados que se atopan dentro do perímetro mencionado. Sobre isto, hai que precisar que estas derivan directamente duns criterios de valoración definidos no Título VI da normativa urbanística. Así, por unha banda, teríamos ós bens cun interese de carácter histórico de Grado 1, 2 ou 3 en función dun acontecemento histórico importante a nivel do Estado, da Comunidade e do Municipio respectivamente. Por outro lado, estarían aquelas construcións que posúen un interese de carácter arquitectónico ponderado pola súa calidade arquitectónica como de Grado 1 (para as máis destacadas), de Grado 2 (para as notables) ou de Grado 3 (para aquelas cunha certa relevancia). Xunto a eles, un terceiro criterio valoraría os inmobles polo seu interese de carácter urbano o cal viría determinado polo papel que ten cada un dentro da trama da cidade. De Grado 1 serían os que contribúen e/ou pertencen a un conxunto ou espazo urbano básico na estrutura do asentamento mentres que o Grado 3 se atribuiría aos que axudan a *«manter dun xeito sinxelo a escala e o carácter urbán»*⁵⁴.

O resultado de todo isto son os catro niveis de protección que, xunto coas valoracións anteriores, aparecen recollidos nas fichas de catalogación individuais de cada un dos inmobles (fig. 4). Deles, o máis básico é o nivel 4 de protección ambiental⁵⁵ no que se inclúen aqueles edificios de certo valor arquitectónico que, polo seu carácter ou localización en relación cun contorno determinado deban ser obxecto de protección. Nesta situación estarían un total de 67 construcións que se distribúen, principalmente, por zonas próximas ás Rúas da Cerca, Nova e Hórreo (fig. 5). Sobre eles contéplase a posibilidade de realizar obras de consolidación, conservación, restauración, rehabilitación ou reforma, reestruturación de cubertas, do interior ou de fachada e obra nova con conservación de elementos. A cambio, a única condición que se puña era que tal operación debería estar expresamente indicada na ficha do Catálogo do ben en cuestión. Un exemplo particular con este nivel é o da Casa do Pobo, edificio modernista de Rafael González Villar sito no número 15 da Rúa Travesa que no momento de realización do PEPOCH tan só conservaba a súa fachada principal.

Por riba dos anteriores estarían os inmobles catalogados co nivel 3 de protección estrutural⁵⁶ que obriga á conservación de fachadas ou elementos destacados naquelas




Fig. 1. Plano de delimitación do Plan Especial de Betanzos. Siotuga.




Fig. 2. Zona de protección orixinal de 1970. Xunta de Galicia.



Fig. 3. Plano de delimitación do casco histórico de Betanzos nas Normas Subsidiarias de 1987. Siotuga.

construcións cun significativo valor arquitectónico. Aquí, os traballos que se poderían realizar son, tamén, a consolidación, conservación, restauración, rehabilitación ou reforma e a reestruturación (cando esta apareza indicada na ficha correspondente). Non estaría permitido, en cambio, a obra nova entendida, tal e como aparece no Plan Especial, como intervención en parcelas cunha edificación en avanzado estado de ruína que só permite a conservación de elementos illados que deberán ser incorporados no novo proxecto⁵⁷. Polo demais, pódese afirmar que, proporcionalmente, esta é a opción máis empregada das catro habendo un total de 297 vivendas con este nivel de protección. Estes, a pesar de que se atopan distribuídos por todo o casco histórico, repartiríanse en maior medida pola metade nordeste do conxunto entre as Rúas do Castro e Ferradores e a Rúa da Cerca (fig. 6). No nivel 3 estarían importantes monumentos como o convento de Santo Domingo que alberga o Museo das Mariñas e o Cine Alfonso, o Cárcere do Partido ou o edificio do Conservatorio Municipal que era a parte oeste do antigo convento de San Francisco.

No penúltimo nivel atopariámonos ás edificacións ou conxuntos que deben ser preservados en tódas as súas características por seren representativos dun determinado período histórico. Estes corresponderían ao nivel 2 de protección integral⁵⁸ baixo o cal están catalogados un total de 54 inmobles que se concentran especialmente na contorna da Praza dos Irmáns García Navería, Fonte de Unta e Praza da Constitución (fig. 7). Na súa maioría, trátase de elementos que, ademais do seu valor individual, cobran especial relevancia por estaren integrados nun conxunto que forma parte da identidade da cidade como é o caso das casas de balcón corrido de madeira e de galería. Aínda así, no nivel 2 teríamos tamén monumentos individuais de distintas épocas como a igrexa de Santo Domingo, o edificio do Arquivo do Reino de Galicia, a Casa Consistorial, o convento das Agostiñas ou a Casa Núñez. Logo, canto ás obras permitidas, estas limitaríanse á consolidación, conservación, restauración e a rehabilitacións ou reformas restrinxidas sempre e cando estas non afecten a elementos importantes que formen parte do carácter do edificio⁵⁹.

En último lugar, o nivel máximo de protección é o establecido polo nivel 1 de protección monumental⁶⁰ reservado para os elementos que destacan, ben polo seu alto valor arquitectónico e artístico, ben polo seu significado urbano. Sería o caso das igrexas de San Francisco e Santa María do Azougue declaradas como Bens de Interese Cultural ao que habería que sumar o da igrexa de Santiago e a Torre Municipal (fig. 8). Estes catro edificios son os únicos incluídos nun nivel no que as restricións das obras que se poden levar a cabo son as máis elevadas das contidas no PEPOCH. De feito, as actuacións aprobadas nestes supostos son, exclusivamente, á consolidación, conservación e restauración. As reformas tamén incluíríanse nos tres casos anteriores, sempre e cando as mesmas estean plenamente xustificadas e non supoñan un menoscabo da envolvente do edificio, nin da súa estrutura, nin da súa decoración. Ademais, deberase garantir que os traballos realizados poidan ser revertidos devolvendo a aparencia orixinal ao inmobile⁶¹.

c. Intervencións diversas: cara á posta en valor dos bens

Unha vez abordados os contidos básicos do Plan Especial de Betanzos máis intimamente ligados coa cuestión da protección do patrimonio, resulta interesante, antes de poder chegar a algunha conclusión válida, facer un balance do que se ten feito desde a redacción da normativa ata o momento presente. O obxectivo deste labor non sería outro que o de tratar de comprender a evolución do estado de conservación da zona monumental durante este período e poder, así, comprobar os avances e/ou retrocesos experimentados nesta

PLAN ESPECIAL DE PROTECCION Y ORDENACION DEL CASCO HISTORICO

EXCMO AJUNTAMIENTO DE BETANZOS

- NIVEL 1
Protección monumental
- NIVEL 2
Protección integral
- NIVEL 3
Protección estructural
- NIVEL 4
Protección ambiental
- SIN ESPECIFICAR




Fig. 4. Plano de elementos catalogados no Plan Especial e niveis de protección. Siotuga e elaboración propia

NIVEL 4
Protección ambiental



Fig. 5. Plano dos elementos catalogados no nivel 4 de protección ambiental.
Siotuga e elaboración propia

SERVICIO CATASTRAL
4.3 PR
E: 1:10.000



EXCMO AYUNTAMIENTO DE BETANZOS
PLAN ESPECIAL DE PROTECCION Y ORDENACION DEL CASCO HISTORICO

NIVEL 3
Protección estructural




Fig. 6. Plano dos elementos catalogados no nivel 3 de protección estrutural.
Siotuga e elaboración propia

SERVICIO CAMBIO
4.3 PR



E 11000



materia. Para isto, unha fonte importante a conformarán as licenzas de obra concedidas pola Administración local dentro da delimitación establecida no PEPOCH xa que estas nos permitirán achegarnos ás intervencións realizadas sobre os bens catalogados. Esta información estará resumida nunhas listaxes proporcionadas pola Área de Urbanismo do Concello de Betanzos nas que se recolle, tanto o número total de traballos autorizados, como unha breve descrición do tipo e alcance destes. Tales documentos comprenderán un arco temporal que irá desde 1993 ata 2016 por ser, respectivamente, o primeiro ano completo desde a aprobación da regulación e o último do que se teñen rexistros completos.

Con todo, de cara a valorar na súa xusta medida os resultados obtidos, cómpre precisar que os problemas atopados á hora de traballar con estes materiais foron numerosos. Neste sentido, un dos primeiros aspectos a destacar é o feito de que existe unha evidente diferenciación entre dúas etapas que estarían separadas pola forma de almacenar a información na base de datos do departamento. Así, por unha banda, teríamos o período 1993-2003 no cal hai un só rexistro no que se tratan, de maneira unitaria, as licenzas outorgadas en todo o termo municipal. Isto obrigounos, no seu momento, a ter que facer unha selección, o máis aproximada posible, dos permisos concedidos dentro dos límites do Plan Especial guiándonos polas direccións reflectidas en cada un dos casos. En cambio, no lado oposto estaría o exemplo do período 2004-2016 no que, ademais de haber unha sección específica para as obras realizadas no casco histórico, tamén se faría unha subdivisión específica para a obra maior (rehabilitacións) e menor (actuacións puntuais sobre elementos concretos).

Logo, un segundo problema importante coas fontes veu dado pola falta de referencias que permitisen contrastar se o inmovible sobre o que se estaba a actuar formaba parte do catálogo ou non. A este respecto, é relativamente frecuente que na descrición das obras realizadas non apareza, tan sequera, un enderezo válido coa que rastrexar os bens dentro do perímetro do casco histórico. Mesmo naqueles casos nos que esta información si constaba, ás veces o fai mesturando as nomenclaturas e numeracións do rueiro actual co antigo. Por iso, a solución tivo que pasar, nesta ocasión, pola combinación dunha análise das fichas individuais do catálogo cunha comprobación dos datos recollidos oficialmente no catastro. A maiores, tamén foi necesaria, nos supostos máis complexos, a comprobación visual a través de fotografías por se nas fachadas quedaba algún rastro dos cambios mencionados. Todo isto fai que, a pesar da profundidade da investigación, os datos poidan ter algunhas variacións que puideran desvirtualos e polas cales non sexan tan precisos como deberían.

Feitas estas precisións iniciais, as cifras absolutas que manexamos fálannos dun total de 1353 obras realizadas no ámbito do Plan Especial entre os anos 1993 e 2016. Trátase dun volume considerable no que, ademais, mantense unha constante ao longo do tempo que oscila entre un mínimo de 21 licenzas en 2016 e un máximo de 90 acadado no ano 1995 (fig. 9). Neste período, os traballos máis comúns son, fundamentalmente, os relacionados coa reparación de cubertas, co pintado de fachadas e coa substitución de carpinterías. Así mesmo, tamén aprécianse numerosas melloras nos interiores dos edificios, sobre todo no que atinxe á redistribución das estancias, á instalación de calefaccións e á construción de novos cuartos de baño e cocinas.

Non obstante, o que non podemos precisar con exactitude, polos condicionantes mencionados anteriormente, son as actuacións executadas en elementos catalogados sendo posible, unicamente, facer unha aproximación aos casos máis senlleiros. Destacarían,

NIVEL 2
Protección Integral




Fig. 7. Plano dos elementos catalogados no nivel 2 de protección integral. Siotuga e elaboración propia.

ESTRUCO CATASTRAL
ESTRUCO PROTECCION INTEGRAL

EDIFICIO CATASTRAL
4.3 FR

E 1:1000

Escuela Politécnica de Arquitectura de Betanzos
Departamento de Edificación y Ordenación del Territorio
Escuela Politécnica de Arquitectura de Betanzos
Departamento de Edificación y Ordenación del Territorio



EXCMO AYUNTAMIENTO DE BETANZOS
 PLAN ESPECIAL DE PROTECCION Y ORDENACION DEL CASCO HISTORICO

NIVEL 1
 Protección monumental




Fig. 8. Plano dos elementos catalogados no nivel 1 de protección ambiental.
 Siotuga e elaboración propia.

EDIFICIO CATEGORIZADO
 EDIFICIO SIN CATEGORÍA DE PROTECCIÓN

ESCALA CATALIZADA
 4.3 FR

E 1:1000




Fig. 9. Gráfico co total de licenzas concedidas no ámbito do P.E.P.O.C.H. entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.

así, obras como as levadas a cabo nos templos de Santa María e San Francisco catalogados co nivel 1 de protección monumental pola súa condición de Bens de Interese Cultural. Non obstante, sobre este feito, que tivo lugar no ano 2001, non se especifica, na descrición da licenza correspondente, o tipo de traballos que se acometeron limitándose a definir os mesmos como «reparación en las iglesias de San Francisco y Santa María do Azougue»⁶². En suma, outro elemento importante intervido foi a igrexa de Santo Domingo situada na Praza dos Irmáns García Naveira e que goza do *nivel 2 de protección integral*. Aquí realizáronse labores de mantemento exterior tales como a reparación e pintado da fachada principal en 2012 e dun muro lateral orientado cara a Avenida de Castela en 2016, e unha rehabilitación en 2010 (sen especificar a súa natureza). Logo, sabemos que houbo operacións diversas nos edificios do Arquivo de Galicia e do Hospital de Santo Antonio mais non podemos atopar, entre a documentación proporcionada, os permisos concedidos para estes. Deles, o último foi o que sufriu unha reforma de maior calado ao ser reconvertido na sede dos xulgados a costa dunha notable modificación da súa imaxe exterior (fig. 10).

Por outro lado, ademais das intervencións en monumentos destacados, tamén interesaríanos abordar as licenzas concedidas para o arranxo de galerías por ser, estes, elementos que se tiveron presentes á hora da catalogación de moitos inmobles. Neste sentido, estamos ante unha das operacións máis comúns dada a necesidade de manter en bo estado a madeira fronte ás inclemencias do tempo e evitar, así, posibles filtracións ao interior das vivendas. En números concretos, no período estudado se rexistraron 79 licenzas para executar algún tipo de tarefa desta natureza (o que representaría un 5'8% do total) e a maioría delas circunscribíronse ao eixe trazado pola Praza dos Irmáns García Naveira, a Rúa do Castro e a Praza da Constitución (figs. 11 e 12). No referente ás actuacións emprendidas, o máis habitual é que estas consistan en pequenos traballos ligados á substitución de partes danadas, a cambios na cristalería e ao pintado das estruturas.



Fig. 10. Edificio do Hospital de Santo Antonio antes e despois da reforma. AMB (arriba) e Alfredo Erias.



Aínda así, un fenómeno en alza que se produciu neste arco temporal foi a substitución das galerías de madeira por outras de imitación en aluminio afectando, incluso, a algunhas catalogadas nas fichas individuais.

Despois, á par das galerías, teriamos os balcóns corridos de madeira como outro dos elementos que foron protexidos polo Plan Especial e que son característicos do casco histórico de Betanzos. No seu caso púidose certificar, con certa exactitude, que entre 1993 e 2016 houbo 17 intervencións sendo, 12 delas, realizadas sobre bens que estaban dentro do catálogo (fig. 13). Isto suporía que as obras para manter en bo estado estas estruturas teñen un peso que apenas chegaría ao 1'3% do total das licenzas tramitadas polo Concello.






Fig. 11. Gráfico coas licenzas concedidas no ámbito do PEPOCH entre 1993 e 2016 para a intervención sobre galerías. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.

Por lugares, pese a que non hai un patrón recoñecible, estas concentráronse sobre todo na zonas límite da zona monumental como é o caso das Rúas da Cañota, do Valdoncel ou da Ribeira (fig. 14). Ademais, en todas elas, os traballos executados máis frecuentemente baseáronse, segundo se fixo constar nos permisos, en operacións de reposición de elementos danados e pintado dos seus compoñentes.

A maiores, outro dos apartados importantes que non debemos pasar por alto é o das rehabilitacións en tanto que estas implicaron o desenvolvemento proxectos que someteron a moitos inmobles a cambios substanciais do seu estado de conservación. De feito, este tipo de obras representa un 7'4% do volume de licenzas cun total 100 concedidas durante as últimas dúas décadas (52 das cales afectarán directamente a bens catalogados) e estas repártense por todo o casco histórico (figs. 15 e 16). Un caso especial, aquí, sería, por exemplo, o da recuperación da Torre Lanzós (nivel 2 de protección integral) grazas a unha reforma parcial iniciada no ano 2013 (fig. 17). No extremo oposto estaría, en cambio, o sucedido no número 5 da Rúa da Cerca que gozaba deste grao de protección que o elemento anterior e que desapareceu logo duns traballos que acabarían sendo xudicializados. A este respecto, o que consta nos documentos de Urbanismo é que o día 9 de xuño de 2009 foi concedida unha licenza (número de expediente 260) para a «rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar, en Rúa da Cerca, nº 5»⁶³. En cambio, o que se fixo, finalmente, foi un baleirado completo da estrutura seguido da desmontaxe, peza a peza, da fachada principal (fig. 18).

Por último, para rematar o noso repaso, habería que falar das demolicións autorizadas de edificios catalogados, suposto no cal, o Plan Especial, obrigaría a reproducir integramente as fachadas exteriores mantendo todos e cada un dos elementos empregando, ademais, os mesmos materiais que constan na ficha individual. Neste punto, das 26 demolicións levadas a cabo nestes anos, tan só se puideron constatar tres permisos para derrubar outros tantos inmobles nas Rúa da Fonte de Unta e da Cerca. Os dous primeiros

 INTERVENCIONS
 RESTO DE INMOBLES CATALOGADOS




Fig. 12. Mapa das intervencións realizadas en galerías catalogadas entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos e elaboración propia.

 SERVICIO CATALOGADO
 RESTO DE INMOBLES CATALOGADOS

SERVICIO CATALOGADO
4.3 PR

E: 1:1000



EDIFICIO: 
SERVICIO CATALOGADO
4.3 PR






Fig. 13. Gráfico coas licenzas concedidas no ámbito do PEPOCH entre 1993 e 2016 para a intervención sobre corredores. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.

eran, en concreto, uns edificios catalogados dentro do nivel 3 de protección estrutural que presentaban un alto grao de deterioración con notable perigo de desprendemento sobre a vía pública. Deste xeito, ambos os inmobles foron derrubados na súa totalidade tan só manténdose en pé o muro exterior da planta baixa (fig. 19). Logo, no segundo dos exemplos, que tamén contaba mesmo nivel de protección que os anteriores, os traballos consistiron no baleirado parcial do interior da estrutura deixando os muros intactos. Así se mantivo durante anos ata que, en 2017, a Xunta iniciou as labores para a súa completa rehabilitación dentro do Programa REXURBE do Instituto Galego de Vivenda e Solo (fig. 20).

A protección de cara ao futuro: cuestións a valorar

Se facemos un balance de todo o que levamos mencionado ata agora, queda claro que queda moito camiño que recorrer para lograr a recuperación do casco antigo de Betanzos. Algúns dos problemas sinalados no seu momento durante o proceso de redacción do Plan Especial persisten na actualidade, sobre todo os ligados co despoboamento, co avellentamento e coa falta de servizos e aparcadoiros. A isto súmase a falta dun Plan Xeral que marque o modelo de crecemento da vila e que se coordine coa normativa da zona monumental para conseguir un desenvolvemento conxunto do núcleo urbano. Dada esta realidade, finalmente consideramos imprescindible, como mínimo, facer adaptacións para incorporar ao PEPOCH as experiencias e novos conceptos que foron xurdindo nos últimos anos en materia de patrimonio. Con todo, o certo é que, aínda máis necesario que o anterior, sería iniciar a redacción dun novo Plan para o cal propomos unha serie de puntos extraídos a partir da presente investigación.

En primeiro lugar, sería oportuno que os obxectivos definidos na norma fosen modificados para adaptalos mellor á realidade da cidade no seu conxunto. A fin de contas, non resulta factible que a casos únicos se lles pretendan aplicar solucións globais como ocorre coa xa citada coincidencia entre os Plans Especias de Betanzos e Corcubión. Para evitar isto, un paso que se podería dar pasaría por introducir unha maior diversidade nas

 INTERVENCIONS
 RESTO DE INMOBILES CATALOGADOS




Fig. 14. Mapa das intervencións realizadas en corredores catalogados entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos e elaboración. propia

SERVICIO CATALANIZADO
 SERVICIO RESTO DE INMOBILES CATALOGADOS

SERVICIO CATALANIZADO
4.3 PR



E: 11000



Edición, reproducción, distribución y venta de copias de este documento por parte de la Oficina Municipal de Urbanismo del Ayuntamiento de Betanzos. Teléfono: 981 21 22 22. Fax: 981 21 22 23. Correo electrónico: urbanismo@betanzos.es



EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS
PLAN ESPECIAL DE PROTECCION Y ORDENACION DEL CASCO HISTORICO

 INTERVENCIONS
 RESTO DE INMOBLES CATALOGADOS




Fig. 15. Mapa das rehabilitacións realizadas en inmobles catalogados entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos e elaboración propia

EXERCICIO CATALIZADOR
4.3 PR



E 1:1000






Fig. 16. Gráfico coas licenzas concedidas no ámbito do P.E.P.O.C.H. entre 1993 e 2016 para rehabilitacións. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.



Fig. 17. Torre de Lanzós antes e despois da rehabilitación. *El Ideal Gallego e Catastro.*

contratacións de empresas para a elaboración deste tipo de proxectos. Así mesmo, sería tamén de utilidade que os equipos encargados da redacción das regulacións fosen interdisciplinarios e integrasen a persoas procedentes de distintas áreas de coñecemento. A fin de contas, emprender os estudos necesarios para elaborar o planeamento dunha urbe supón enfrontarse a cuestións que transcenden máis alá do puramente arquitectónico. Habería que combinar, por tanto, a experiencia de urbanistas, sociólogos, historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos, expertos en lexislación ou economistas co fin de lograr a maior variedade posible de puntos de vista.

Logo, un segundo aspecto que queda claro que tamén haberá que resolver de cara ao futuro, ten que ver co ámbito de aplicación do PEPOCH. Neste sentido, consideramos que os límites establecidos 1992 presentan importantes deficiencias que lle restan eficacia á normativa á hora de garantir unha correcta protección dos elementos patrimoniais. Por unha banda, como xa vimos, estes non se corresponden exactamente cos da catalogación do conxunto histórico artístico de 1970 o que significa que, quedarían á marxe determinados inmobles de gran interese. En suma, a zona de protección que se propuxo no seu momento foi mínima e nela,



Fig.18. "Casa gótica" antes e despois do derrubo. *La voz de Galicia* e Catastro.



Fig. 19. Edificios da Fonte de Unta antes e despois do derrubo. Google Maps e Catastro

ademais, apenas hai bens catalogados pese á importancia do barrio da Ribeira en relación co casco histórico. Todos estes condicionantes levarían á necesidade de levar a cabo unha redelimitación do ámbito dun hipotético novo Plan Especial, ou ben da superficie afectada pola declaración de conxunto histórico-artístico. Non obstante, esta última opción sería máis complexa posto que implicaría suspender todas as licenzas de obra ata que se resolvese unha petición que debería contar coa aprobación da Administración autonómica.

Por iso, a nosa proposta pasaría por adaptar os límites do Plan Especial aos establecidos na declaración orixinal de 1970 engadindo, ademais, unha zona de protección en todo o perímetro (fig. 21). Deste modo procuraríase abarcar o espazo necesario para garantir a protección do conxunto e do seu contorno inmediato tendo presente, a maiores, a orografía sobre a que se asenta o casco antigo de Betanzos. Así, no tramo leste (Tramo 1-2), o trazado discorrería pola Travesía de Caraña, pola Praza da Eira Vella e pola Rúa do Mandeo. A este seguiríao tramo 2-3 que atravesa o río Mandeo, pasa polos límites das parcelas 83 a 128 da mazá 44233 e chega ata a Cruz Verde á altura da parcela 47 da mazá 41219 para



Fig. 20. Edificio da Rúa da Cerca antes e durante a restauración. Catastro e elaboración propia.

rematar xunto á Avenida de Castela na parcela 35 da mazá 43217. Logo, estaría o tramo sur (Tramo 3-4) que comprendería a Avenida de Castela, o límite da Praza Francisco Blanco e a Rúas do Rollo. Despois, o tramo 4-5 incluíría partes situadas a ambos lados do río Mendo para que, finalmente, se peche o círculo no tramo norte (Tramo 5-6) na confluencia dos dous principais cursos fluviais coa Ría de Betanzos.

Finalmente, un terceiro cambio levaríanos a revisar as figuras de protección establecidas no PEPOCH así como os correspondentes niveis atribuídos a cada un dos inmobles de maneira individual. De feito, unha das cousas que puidemos contrastar despois do traballo realizado, é que son moi poucos os elementos catalogados dentro do casco histórico da cidade (tan só 425, fronte aos 381 que non contan con ningún tipo de Catalogación). Isto implica que case a metade dos bens (un 47'3%) non chegan, nin tan sequera, a acadar o nivel 4 de protección ambiental quedando, incluso, excluídos algúns casos significativos. A este respecto, sería interesante incorporar, por exemplo, edificios racionalistas como o número 19 da Rúa Alfolí realizado polo arquitecto Leoncio Bescansa. Así mesmo, habería que catalogar numerosas vivendas situadas, tanto no Barrio da Ribeira como nas novas zonas que se incorporarían coa delimitación proposta. Trataríase, concretamente, das casas de planta baixa con balcón corrido que se atopan na Cruz Verde e dalgunhas construcións similares no entorno da Praza da Eira Vella (fig. 22). Pola contra, noutros supostos habería que revisar a protección establecida debido a que desde que foron catalogados,

algúns bens perderon parte dos elementos que os facían merecedores da súa condición. É o que sucedería cos inmobles nos que, como xa sinalamos, as galerías de madeira se substituíron por outras de imitación en aluminio ou, tamén, co caso da Casa Gótica.




Fig. 21. Proposta para unha nova delimitación do ámbito do Plan Especial. Fonte: elaboración propia.



Fig. 22. Exemplos de inmobles susceptibles de seren catalogados (de arriba a abaixo e de esquerda a dereita: nº 1 da Praza Henrique IV, nº 41 da Rúa da Ribeira, nº 13 da Rúa do Valdoncel, nº 12 da Avenida Linares Rivas, nº 5 da Avenida Jesús García Naveira, nº 37 da Rúa da Cruz Verde e nº 7-9 da Avenida. Jesús García Naveira). Catastro.

3. CONCLUSIÓN

Para poñer un punto e final, o que podemos tirar en claro despois de todo o traballo realizado e dos coñecementos adquiridos durante o proceso, en primeiro lugar, é que a protección do patrimonio é algo capital á hora de tratar de evitar a súa desaparición. E incluso, case poderíamos dicir que, máis que protexer, o que importa de verdade é que isto se faga de forma correcta e ben xustificada. Porque, a fin de contas, debemos recordar que

os bens patrimoniais son elementos que non rexeneran e, unha vez perdidos os seus valores, estes son irrecuperables. Logo, a outra gran conclusión que puidemos extraer vén dada pola necesidade de que, neste labor de conservación do noso patrimonio, as administracións deberían levar a iniciativa pero tamén resulta fundamental que no proceso participe o conxunto da cidadanía. Neste sentido, por unha banda son necesarias políticas decididas de concienciación sobre a importancia de manter vivos os testemuños do pasado, de salvagardalos e de promovelos. Pero, por outro lado, tamén sería oportuno que os individuos se desen conta do fácil que resulta prexudicar a un ben, incluso, de maneira inconsciente. Finalmente, en relación co caso concreto dos Plans Especiais (aínda que aplicable a moitos outros ámbitos) cumpriría reflexionar sobre a necesidade de camiñar cara a unha maior interdisciplinaridade. De feito, esta resulta especialmente relevante nun campo, como é o da xestión do patrimonio cultural, que implica ter múltiples coñecementos procedentes das máis variadas áreas do saber.

NOTAS

- ¹ GARCÍA ORO, José (1984): p. 21 e URGORRI CASADO, Fernando (1982): p. 60.
- ² NÚÑEZ VARELA, José Raimundo (1985): pp. 1-2 .
- ³ NÚÑEZ VARELA, José Raimundo (2014) [<http://www.cronistadebetanzos.com/la-progresiva-destruccion-de-las-murallas-de-betanzos/>]. Consulta de 13/06/2018].
- ⁴ GARCÍA ORO, José (1984): p. 22.
- ⁵ GARCÍA ORO, José (1984): p. 24 e NÚÑEZ VARELA, José Raimundo; RIBADULLA PORTA José Enrique (1984): p. 98.
- ⁶ SORALUCE BLOND, José Ramón (1997): pp. 30,34 e 36.
- ⁷ NÚÑEZ VARELA, José Raimundo (2014) [<http://www.cronistadebetanzos.com/la-progresiva-destruccion-de-las-murallas-de-betanzos/>]. Consulta de 13/06/2018].
- ⁸ NÚÑEZ VARELA, José Raimundo; RIBADULLA PORTA José Enrique (1984): p. 281.
- ⁹ COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 231.
- ¹⁰ REY CASTELAO, Ofelia; BARREIRO MALLÓN, Baudilio (2010): p. 151 e SORALUCE BLOND, José Ramón (2014): p. 6.
- ¹¹ SORALUCE BLOND, José Ramón (1997): p. 28.
- ¹² ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982a) [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-casapopular.htm>]. Consulta de 17/06/2018].
- ¹³ ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982a) [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-casapopular.htm>]. Consulta de 17/06/2018].
- ¹⁴ ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2000): p. 313.
- ¹⁵ FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio (1997): pp. 16-17.
- ¹⁶ FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 28.
- ¹⁷ COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 441.
- ¹⁸ ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm>]. Consulta de 05/05/2018].
- ¹⁹ COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 437 e ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm>]. Consulta de 05/05/2018].
- ²⁰ COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 443 e ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm>]. Consulta de 05/05/2018].
- ²¹ ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm>]. Consulta de 05/05/2018].
- ²² GARRIDO MORENO, Antonio (1998): pp. 380-381.
- ²³ FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 30.
- ²⁴ FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 36.

- ²⁵ FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 17.
- ²⁶ FUENTES SANZ, Miriam (2014): pp. 21-22.
- ²⁷ VILLANUEVA MÉNDEZ, Alba (2014): p. 221.
- ²⁸ CABANO VÁZQUEZ, Ignacio (1985): p. 134 e COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 587.
- ²⁹ FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 29 e VÁZQUEZ ASTORGA, Mónica (2008): p. 366.
- ³⁰ Ley de Excavaciones y Antigüedades, do 7 de xuño de 1911, p. 95.
- ³¹ Real Orde, de 29 de setembro de 1919, p. 97.
- ³² Real Orde, de 29 de setembro de 1919, p. 97.
- ³³ Real Orde, de 29 de setembro de 1919, p. 97.
- ³⁴ COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 558
- ³⁵ Ley de Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico Nacional, do 13 de maio de 1933, p. 1395.
- ³⁶ Decreto-Ley sobre Protección y Conservación de la Riqueza Artística, de 9 de agosto de 1926, p. 1029
- ³⁷ FERNÁNDEZ ADARVE, Gabriel (2017): pp. 38-39.
- ³⁸ Decreto 3850/1970, de 31 de decembro de 1970, p. 2184.
- ³⁹ Decreto 3850/1970, de 31 de decembro de 1970, p. 2184.
- ⁴⁰ Decreto 3850/1970, de 31 de decembro de 1970, p. 2185.
- ⁴¹ Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8097.
- ⁴² GÓMEZ LÓPEZ, Alberto, GONZÁLEZ PÉREZ; Jesús Manuel; VILASECO VÁZQUEZ, Xosé Ignacio (1995): p. 144.
- ⁴³ Lei 5/2016, de 4 de maio de 2016, p. 18576.
- ⁴⁴ «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 2. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁴⁵ «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 3. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁴⁶ «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 3. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁴⁷ «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 4-5. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁴⁸ «Memoria xustificativa», en V.V.A.A, *Plan Especial do Casco Histórico de Corcubión*, Corcubión, 1990, pp. 6-9. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁴⁹ GÓMEZ LÓPEZ, Alberto, GONZÁLEZ PÉREZ; Jesús Manuel; VILASECO VÁZQUEZ, Xosé Ignacio (1995): p. 146.
- ⁵⁰ «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 5. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁵¹ Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8098.
- ⁵² Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8098.
- ⁵³ Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8098.
- ⁵⁴ «Normativa urbanística», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 39. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁵⁵ «Normativa urbanística», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 43. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁵⁶ «Normativa urbanística», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 42-43. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁵⁷ «Normativa urbanística», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 41. Dispoñible en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).

- ⁵⁸ «Normativa urbanística», en Carlos Mejjide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 42 .Disponíble en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁵⁹ «Normativa urbanística», en Carlos Mejjide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 42 .Disponíble en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁶⁰ «Normativa urbanística», en Carlos Mejjide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 41 .Disponíble en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁶¹ «Normativa urbanística», en Carlos Mejjide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 41-42 .Disponíble en <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga> (Consultado: 13/07/2018).
- ⁶² Licenza número 537, de 2001. *Área de Urbanismo*. Concello de Betanzos.
- ⁶³ Licenza número 260, de 9 de xuño de 2009, para rehabilitación de edificio para vivanda unifamiliar en Rúa da Cerna nº 5. *Área de Urbanismo*. Concello de Betanzos.

BIBLIOGRAFÍA

Fontes primarias

- MEIJIDE CALVO, Carlos; FERNÁNDEZ-ALBALAT, Andrés (1992): *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*. Concello de Betanzos [<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga>. Consulta de 13/07/2018].
- V.V.A.A (1990): *Plan Especial do Casco Histórico de Corcubión*. Concello de Corcubión [<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga>. Consulta de 13/07/2018].
- Listaxe das licenzas de obra concedidas dentro do ámbito do PEPOCH entre os anos 1993 e 2016. *Área de Urbanismo*. Concello de Betanzos.
- Leyde Escavaciones y Antigüedades, do 7 de xuño de 1911. *Gaceta de Madrid*. Madrid, 8 de xuño de 1911, núm. 189, pp. 95-96.
- Real Orde, de 29 de setembro de 1919. *Gaceta de Madrid*. Madrid, 7 de outubro de 1919, núm. 97, p. 97.
- Leyde Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico Nacional, do 13 de maio de 1933. *Gaceta de Madrid*. Madrid, 25 de maio de 1933, núm. 145, pp. 1394-1399.
- Decreto-Ley sobre Protección y Conservación de la Riqueza Artística, de 9 de agosto de 1926. *Gaceta de Madrid*. Madrid, 15 de agosto de 1926, núm. 227, pp. 1026-1031.
- Decreto 3850/1970, de 31 de decembro de 1970, polo que se declara conxunto histórico-artístico a cidade de Betanzos (A Coruña). *Boletín Oficial do Estado*. Madrid, 10 de febreiro de 1971, núm. 35, pp. 2184-2185.
- Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, sobre aprobación definitiva do Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos. *Boletín Oficial da Provincia*. A Coruña, 30 de decembro de 1992, núm. 299, pp. 8097-8098.
- Lei 5/2016, de 4 de maio de 2016, do patrimonio cultural de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Santiago, 16 de maio de 2016, núm. 92, p. 18576.

Fontes secundarias

- CABANO VÁZQUEZ, Ignacio (1985): «La Arquitectura de Rafael González Villar en Betanzos. Una aproximación a la arquitectura de Betanzos en las primeras décadas del siglo XX». *Anuario Brigantino*, nº8, pp. 131-144.
- COLÓN ALONSO, Marta (2012): *Transformaciones históricas en el convento de San Francisco de Betanzos. Siglos XIV al XX*. Tese de doutoramento, Universidade da Coruña.

- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982a): «La casa popular en Betanzos» [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-casapopular.htm>. Consulta de 17/06/2018].
- (2000): «Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)». *Anuario Brigantino*, nº 23, pp. 311-374.
- (1982b): «O fenómeno dos ensanches na cidade de Betanzos: 1870-1920» [<http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm>. Consulta de 05/05/2018].
- FERNÁNDEZ ADARVE, Gabriel (2017): *Conjuntos históricos de Granada. Delimitación, planeamiento y rehabilitación (1985-2015)*. Tese de Doutoramento, Universidade de Granada.
- FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio (1997): «Betanzos, como ciudad». En LEIRA LÓPEZ, José (coord.): *O Camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela*. Universidade da Coruña, A Coruña, pp. 11-21.
- FUENTES SANZ, Miriam (2014): «Las casas tradicionales de galerías en Betanzos. Evolución histórica». En MARTÍN GUTIÉRREZ, Emilio (ed.): *Patrimonio de Betanzos. Estudios para su rehabilitación*. Concello de Betanzos e Universidade da Coruña, Betanzos, pp. 11-40.
- GARCÍA ORO, José (1984): «Betanzos en la Baja Edad Media». *Anuario Brigantino*, nº 7, pp. 21-32.
- GARRIDO MORENO, Antonio (1998): «La galería gallega: una tipología tradicional en permanente evolución». *Anuario Brigantino*, nº 21, pp. 379-404.
- GÓMEZ LÓPEZ, Alberto, GONZÁLEZ PÉREZ, Jesús Manuel; VILASECO VÁZQUEZ, Xosé Ignacio (1995): «Los planes especiales de protección de los conjuntos históricos de Galicia. Planteamientos teóricos y resultados reales». En *II Jornadas de Geografía Urbana*. Universidade de Alicante, Alicante, pp. 141-149.
- NÚÑEZ VARELA, José Raimundo (1985): «La segunda fundación de Betanzos. En 1219 Alfonso IX traslada la población al castro de Untia» [<http://www.cronistadebetanzos.com/wp-content/uploads/2012/08/fundbet.pdf>. Consulta de 05/06/2018].
- (2014): «La progresiva destrucción de las Murallas de Betanzos» [<http://www.cronistadebetanzos.com/la-progresiva-destruccion-de-las-murallas-de-betanzos/>. Consulta de 13/06/2018].
- NÚÑEZ VARELA, José Raimundo; RIBADULLA PORTA José Enrique (1984): *Historia documentada de Betanzos de los Caballeros. Siglos XV y XVI*. Lugami, Betanzos, [vol. I]
- REY CASTELAO, Ofelia; BARREIRO MALLÓN, Baudilio (2010): «El incendio de Betanzos de 1616». *Anuario Brigantino*, nº 33, pp. 145-178.
- SORALUCE BLOND, José Ramón (1997): «Betanzos: seis monumentos no camiño». En LEIRA LÓPEZ, José (coord.): *O Camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela*. Universidade da Coruña, A Coruña, pp. 23-41.
- (2014): «Formación y transformaciones de la Villa de Betanzos. Estudios para su rehabilitación». En MARTÍN GUTIÉRREZ, Emilio (ed.): *Patrimonio de Betanzos. Estudios para su rehabilitación*. Concello de Betanzos e Universidade da Coruña, Betanzos, pp. 5-9.
- URGORRI CASADO, Fernando (1982): «Los nombres antiguos de Betanzos y los orígenes de la ciudad». *Anuario Brigantino*, nº5, pp. 60-73.
- VÁZQUEZ ASTORGA, Mónica (2008): «La arquitectura de los años treinta y cuarenta en Betanzos (A Coruña): su compromiso con el ideario moderno». *Anuario Brigantino*, nº31, pp. 355-374.
- VILLANUEVA MÉNDEZ, Alba (2014): «Protomodernidad y estilo. Estudio de la arquitectura pública en Betanzos 1900-1933». En MARTÍN GUTIÉRREZ, Emilio (ed.): *Patrimonio de Betanzos. Estudios para su rehabilitación*. Concello de Betanzos e Universidade da Coruña, Betanzos, pp. 219-240.